

Resolución reitoral pola que se convocan Axudas para o apoio a deportistas universitarios/as de elite da Universidade de Vigo no curso 2024/2025.

O estudiantado da Universidade de Vigo, de conformidade co establecido no artigo 64.h dos Estatutos da Universidade de Vigo, ten dereito a beneficiarse das distintas axudas e bolsas que a universidade e outras institucións establezan ao seu favor, coa finalidade de que ninguén quede excluído do estudo por razóns económicas.

No ámbito da súa competencia, a Universidade de Vigo desenvolve anualmente programas complementarios de bolsas ao estudiantado para cubrir necesidades non atendidas ou insuficientemente atendidas polas administracións públicas, encamiñadas a favorecer a igualdade de oportunidades e a excelencia no rendemento académico.

O programa de bolsas a deportistas universitarios de elite ten como obxectivo apoiar o labor daqueles/as estudantes da Universidade de Vigo que durante o ano 2025 vaian participar en competicións oficiais mundiais no ámbito do deporte universitario ou en competicións europeas ou mundiais no ámbito do deporte federado.

Preténdese tamén a través deste programa contribuír á proxección internacional dos valores e obxectivos propios da Universidade de Vigo e, máis concretamente, no desenvolvemento dun estilo de vida activo e saudable.

Unha vez vista a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, as disposicións aplicables da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e as súas normativas de desenvolvemento.

En virtude das facultades que lle outorgan a Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do sistema universitario e o artigo 72 do Decreto 13/2019 do 24 de xaneiro, polo que se aprobaron os estatutos desta universidade,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

1. Convocar, en réxime de concorrencia competitiva, Axudas a deportistas universitarios de elite da Universidade de Vigo na súa preparación de competicións internacionais oficiais nos ámbitos universitario e/ou federado curso 2024/2025, que será regulado de acordo coas bases que figuran no anexo I.
2. Publicar esta convocatoria e as bases que a regulan no taboleiro da sede electrónica sede.uvigo.gal/ e no [Portal de bolsas](#) da web da Universidade de Vigo.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte de se publicar, de conformidade co disposto na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte de se publicar a presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-



administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, na data de sinatura electrónica

O reitor

Por delegación RR 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)

A vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade

Natalia Caparrini Marín

Código seguro de Verificación : GEN-ea72-b123-b457-7f64-456c-28e3-e5d5-7d6e | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>



ANEXO I

BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O APOIO A DEPORTISTAS UNIVERSITARIOS/AS DE ELITE NA SÚA PREPARACIÓN DE COMPETICIÓNS INTERNACIONAIS OFICIAIS NOS ÁMBITOS UNIVERSITARIO E/OU FEDERADO.**1. OBXECTO**

Estas axudas a deportistas de elite da Universidade de Vigo teñen por obxecto apoiar a participación de estudantes universitarios/as que destacan na actividade deportiva nacional ou internacional e que ao tempo contribúen a proxectar os valores propios da propia universidade.

Concederanse un máximo de **dúas axudas** destinadas a financiar o custo das actividades desenvolvidas no marco das competicións.

2. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Poderá participar nesta convocatoria o alumnado que cumpra os seguintes requisitos:

- a) Estar matriculado/a no curso académico 2024/2025 en titulacións de grao, mestrado universitario ou doutoramento na Universidade de Vigo.
- b) Ter participado nos anos 2023 e/ou 2024 nalguna das seguintes competicións:
 - ámbito federado: campionatos mundiais, campionatos de Europa ou campionatos de España.
 - ámbito universitario: xogos mundiais ou campionatos mundiais da FISU.

Non poderán ter a condición de beneficiario/a as persoas nas que concorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

3. INCOMPATIBILIDADES

As axudas que se establecen nesta convocatoria serán compatibles e complementaria doutras axudas da mesma natureza e para a mesma finalidade.

4. DOTACIÓN, CONTÍA E PAGAMENTO

1. Os fondos destinados a esta axuda irán con cargo á aplicación orzamentaria 2024 00EX 211EDEP 48299 e o importe máximo do crédito orzamentario retido ascende a 3.000 € para o que se achega o correspondente certificado de existencia de crédito.
2. A contía máxima de cada bolsa é 1.500 €. Esta contía está suxeita á retención de IRPF que estableza a normativa vixente nesta materia.
3. O pagamento efectuarase, no prazo de 1 mes desde a adxudicación mediante transferencia á conta bancaria indicada pola persoa beneficiaria na solicitude e da que deberá ser titular.



5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

1. As persoas solicitantes deberán empregar o **formulario en liña** dispoñible na secretaría virtual da Universidade de Vigo no seguinte enlace https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir_paso1/13648, **descargalo e presentalo na sede electrónica** da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) a través da instancia xenérica (SXER) existente na sede, poñendo en **asunto** "Axudas a deportistas de elite 24/25" achegando so o formulario de solicitude. Só se poderá presentar unha solicitude por persoa.

O modelo específico de presentación de solicitudes é de uso obrigatorio para as persoas interesadas neste procedemento (art. 66.6 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas). Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude de xeito presencial, solicitaráselle que a presente de xeito electrónico.

2. O prazo de presentación das solicitudes comeza o día seguinte a publicarse esta convocatoria e finaliza o **15 de outubro de 2024 ás 23:59 horas** (hora peninsular española).

3. No formulario en liña achegarase a seguinte documentación (non hai que subir documentación á sede electrónica):

- Documentación acreditativa da participación en competicións mundiais universitarias da FISU e nas competicións oficiais federadas de ámbito nacional, europeo ou mundial.
- Proxecto deportivo de preparación encamiñada á participación nunha competición mundial oficial de ámbito universitario ou nunha competición oficial federada de ámbito europeo ou mundial no ano 2025. O documento incluírá unha secuencia temporal dos fitos intermedios máis relevantes na preparación, sendo a súa extensión máxima de 10 páxinas.
- Informe da Federación Galega ou Española correspondente que avale o proxecto.

Tamén se lles poderá requirir que acheguen outra documentación que resulte necesaria para a correcta avaliación de requisitos e méritos alegados. O feito de non achegar a documentación requirida será causa de exclusión.

6. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

1. A Sección de Axudas e Bolsas logo de rematar o prazo de presentación de solicitudes e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicará **a listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas, coa mención da causa de exclusión**.

2. As persoas interesadas disporán dun prazo de **cinco días hábiles** contados desde o día seguinte á publicación para emendar os erros, a falta de documentación e as causas de exclusión. Para tal fin, presentarán o **formulario de alegacións** na secretaría virtual da universidade. De non presentar emenda entenderase que desiste da súa solicitude previa resolución ditada conforme á Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. Unha vez revisadas as alegacións, a selección será efectuada pola comisión de avaliación de acordo cos seguintes criterios:



- 1) Traxectoria deportiva nos anos 2024 e 2025: ata 50 puntos sendo necesaria unha puntuación mínima de 5 puntos.
 - a) Participación nas competicións mundiais universitarias da FISU: ata 10 puntos.
 - Games: 5 puntos
 - Championships: 5 puntos
 - World Cups: 5 puntos
 - b) Participación nas competicións oficiais federadas de ámbito nacional, europeo ou mundial: ata 40 puntos (segundo o baremo establecido nas bases da convocatoria de axudas a deportistas galegos/as de alto nivel "axudas DGAN 2023" da Xunta de Galicia).
- 2) Proxecto deportivo de preparación encamiñada á participación nunha competición mundial oficial de ámbito universitario ou nunha competición oficial federada de ámbito europeo ou mundial no ano 2025: ata 50 puntos sendo necesaria unha puntuación mínima de 10 puntos.
 - a) Nivel da competición proposta: ata 20 puntos.
 - Competicións mundiais universitarias FISU: 10 puntos
 - Campionatos/Copas de Europa: 15 puntos
 - Campionatos/Copas do Mundo: 20 puntos
 - b) Informes federativos que valoren as opcións efectivas de chegar a participar na competición proposta: ata 30 puntos.

A comisión de avaliación está composta por:

Presidenta: Susana Reboreda Morillo, vicerreitora de Extensión Universitaria
Vogal: Xabier Rial Boubeta, director técnico da Área de Benestar, Saúde e Deporte
Secretario: Ricardo Corderí Salgado, xefe do Servizo de Xestión da Extensión Universitaria

Se por calquera causa, no momento en que a comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes, algún/ha dos/das compoñentes non pode asistir, substituirase pola persoa que para o efecto se nomee. Este nomeamento deberá recaer noutra persoa da mesma unidade, órgano, entidade ou colectivo.

4. Unha vez que a comisión efectúe a selección, a Sección de Axudas e Bolsas publicará a **listaxe provisoria de persoas con axuda concedida, denegada** coa mención da causa de denegación e a **listaxe de agarda** para o caso de existiren renuncias.

5. As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **cinco días hábiles**, contados desde o día seguinte á publicación. Para tal fin presentarán o formulario de alegacións na secretaría virtual da Universidade de Vigo.

6. Unha vez que a comisión revise as alegacións, enviaralle a proposta a Vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade quen adxudicará as bolsas mediante a correspondente resolución.

As persoas interesadas poderán entender desestimadas as solicitudes de non se ditar unha resolución expresa no prazo de 3 meses contados desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes.



A resolución conterá a listaxe definitiva de persoas con axuda concedida, con axuda denegada e a causa de denegación, ea listaxe de agarda para o caso de existiren renuncias.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998* do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da *Lei 39/2015*, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As listaxes ás que se refire este punto así como a resolución de adxudicación publicaranse no taboleiro da sede electrónica sede.uvigo.gal/ e no [portal de bolsas](#) da web da universidade, cos efectos da notificación previstos no artigo 45 da *Lei 39/2015* do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As comunicacións individuais necesarias realizaranse ao enderezo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas se consideren como notificación.

7. RENUNCIA

A renuncia voluntaria deberá realizarse mediante o **formulario de renuncia** existente na secretaría virtual e presentado na sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal/> dirixido á Sección de Axudas e Bolsas, xunto co xustificante de reintegro da contía correspondente no caso de terse efectuado o pagamento. As renuncias aceptadas darán lugar á perda dos dereitos económicos e á concesión da bolsa á seguinte persoa da listaxe de agarda previa resolución.

8. OBRIGAS

As persoas beneficiarias deberán:

1. Colaborar activamente coa Área de Benestar, Saúde e Deporte na promoción e desenvolvemento dun estilo de vida activo e saudable.
2. Realizar as actividades previstas no proxecto de preparación presentado.
3. Achegar á Área de Benestar, Saúde e Deporte antes de que finalice o curso académico unha **memoria** que recolla os contidos da preparación para a competición obxecto do proxecto e o resultado acadado na mesma. No caso de imposibilidade de participación no evento deportivo xunto coa memoria presentarase un informe federativo que reflicta os motivos da non asistencia.

Ademais deben de cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da *Lei 38/2013* de 17 de novembro, xeral de subvencións, que lle sexan de aplicación.

9. REINTEGRO DAS AXUDAS E PERDA DO DEREITO DE COBRO TOTAL OU PARCIAL

Son causas de reintegro das axudas:



- Non cumprir os requisitos e obrigas recollidas na convocatoria.
- Ocultar datos, alteralos ou manipular a información solicitada.

A persoa beneficiaria que incorra nalguna destas causas, está obrigada a reintegrar á universidade a cantidade indebidamente percibida.

10. TRANSPARENCIA

1. De conformidade co artigo 17 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, e co artigo 15 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que puideren impoñerse, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da *Lei 1/2016 do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Universidade de Vigo, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano concedente xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da *Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*.

11. PROTECCIÓN DE DATOS

Información sobre a política de protección de datos en:
[https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto %20proteccion datos para CONVOCATORIAS bolsas.pdf](https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto_%20proteccion%20datos%20para%20CONVOCATORIAS%20bolsas.pdf)

